



## BANDO INFORMATIVO

### APERTURA DO PRAZO DE SOLICITUDE DAS AXUDAS URXENTES DE TIPO SOCIAL (AUXS) PARA EVITAR OS CORTES DE SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA ÁS PERSOAS MÁIS VULNERABLES

**MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, ALCALDE do Concello de Oroso**

**INFORMA:** da apertura do prazo de solicitude das axudas urxentes de tipo social (AUXS) para evitar os cortes de subministración eléctrica ás persoas economicamente máis vulnerables.

**TIPO DE AXUDA:** axudar ao pagamento da factura eléctrica dos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social e, deste xeito, asegurar a este colectivo o acceso continuado á subministración de enerxía eléctrica na Comunidade Autónoma de Galicia.

**ACTUACIÓNS E GASTOS SUBVENCIONABLES:** serán o 50% do importe das facturas de electricidade correspondentes á vivenda habitual do solicitante acollido á tarifa de último recurso para consumidor vulnerable severo, que estean pendentes de pagamento e emitidas entre os dous meses anteriores á data da solicitude e o 30 de novembro de 2021 por unha comercializadora de referencia que firmara un protocolo de colaboración ca Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para evitar os cortes de subministro.

**CONTÍA:** A contía da subvención será unha cantidade fixa máxima por solicitante de 300 € ao ano, ou de 450 € ao ano no caso das familias numerosas, que se irá pagando segundo a comercializadora remita as correspondentes facturas á dirección xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

**PERSOAS BENEFICIARIAS:** residente na Comunidade Autónoma de Galicia e teñan a consideración de consumidor vulnerable severo en risco de exclusión social.

#### REQUISITOS DOS SOLICITANTES:

- a) Ser residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Ser titulares do contrato de subministro eléctrico. (Ás persoas en alugueiro asístelles o dereito a solicitaren ser titulares das subministracións da vivenda alugada).
- c) Ter contratada a tarifa de último recurso con aplicación do bono social de consumidor vulnerable severo (40%), para o que deben cumprir os límites de renda establecidos.
- d) Estar en risco de exclusión social, acreditado mediante certificado ou informe social expedido polos servizos sociais.
- e) Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións.

**LUGAR DE INFORMACIÓN:** Departamento de Servizos Sociais do Concello, rúa do Deporte 5-7, baixo, Sigüeiro, Oroso. CITA PREVIA no teléfono 981 688 950.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN:** ata o **2 de novembro de 2021**. (Diario Oficial de Galicia nº 12, do 20 de xaneiro de 2021)

Oroso, 29 de xaneiro de 2021.

Manuel Mirás Franqueira.